



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN**

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 22 DE SETEMBRO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 09:00 horas do día 22 de setembro de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 21-09-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais:

Dna. Margarita Parajó Calvo
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Jesús Núñez Torrón

Secretaria Dna. Beatriz Barbará Rodríguez

1. Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) **Procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (121736-301) (informe sobre C)**

Entregase en man o informe do xefe de área de Benestar Social, de data 22 de setembro de 2016, de valoración do sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula", e propoñendo á clasificación dos licitadores en orde descendente. Este informe rectifica o de data 21 de setembro de 2016.

2.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) **Procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (121.736-301) (informe sobre C)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:41	Páxina 1 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA847-CD4156-8C45EC-TM3SFE-F1J71L-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Acceptase o informe do xefe de área de Benestar Social, de data 22 de setembro de 2016, de valoración do sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula", e propoñendo á clasificación dos licitadores en orde descendente.

Fase constar que aínda que a redacción das ofertas económicas de EULEN e OHL non se axustan estritamente ao modelo de proposición, en ambos casos constan todos os datos requiridos no citado modelo completando cos datos que figuran no presuposto desglosado do servizo que se axunta no sobre C ao modelo de proposición.

3.- Propostas de clasificación

a) **Procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (121.736-301)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do **Servizo de axuda no fogar (121.736-301)** na seguinte orde decrecente:

LICITADOR	TOTAL
CLECE, SA	97,25
EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SA	83,54
OHL SERVICIOS INGESAN SA	9,22

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CLECE, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.602,64 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 09:29 horas. De todo elo, eu secretaria, dou fe.

V.e Pr.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:41	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA847-CD4156-8C45EC-TM3SFE-F1J71L-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN**

O Presidente da Mesa

A Secretaria

D. David Regades Fernández

Dna. Beatriz Barbará Rodríguez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:41	Páxina 3 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA847-CD4156-8C45EC-TM3SFE-F1J71L-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		